

CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NUN 60% DO GASTO ELIXIBLE A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

---

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

**DECLARA:** Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar coa Axencia de Turismo de Galicia, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e remata o 31 de decembro de 2027. Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre o INEGA e a Axencia de Turismo de Galicia para desenvolver un proxecto de mellora da eficiencia enerxética no edificio de cociñas do Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG).

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

### 1. Introducción

Este documento ten como finalidade xustificar a necesidade de formalizar un convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Axencia de Turismo de Galicia para desenvolver un proxecto de mellora da eficiencia enerxética no edificio de cociñas do Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG), situado na estrada Santiago–Noia, km 3, lugar de A Barcia en Santiago de Compostela. Este proxecto será cofinanciado nun 60% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027.

### 2. Marco Institucional

**Inega:** É unha axencia pública adscrita á consellería competente en materia de enerxía. Entre os seus fins está o impulso de iniciativas relacionadas coa mellora da eficiencia enerxética e o uso racional da enerxía, en liña coas directrices do goberno galego e da Unión Europea.



**Axencia Galega de Turismo:** É unha axencia pública adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia que ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

A Axencia a través da persoa titular da Dirección pode subscribir convenios de colaboración con entidades públicas e privadas para alcanzar os seus obxectivos.

### 3. Necesidade do proxecto

A Axencia Turismo de Galicia encóntrase estruturada en direccións, dependentes directamente da Dirección da Axencia. Dentro da Dirección de Profesionalización está a Área do Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG) que ten como función o desenvolvemento da docencia e investigación de ámbito universitario en materia de hostalaría.

O edificio de cocinas do CSHG, construído en 1974, conta cunha clasificación enerxética "C", que reflicte un elevado consumo enerxético e ineficiencia no uso dos recursos. Unha auditoría realizada en 2025 identificou intervencións urxentes para mellorar o confort dos usuarios e reducir o impacto ambiental do edificio. Entre as actuacións propostas destacan:

- Mellora do illamento térmico do edificio.
- Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de climatización e renovación de aire.
- Substitución das caldeiras de gas por bombas de calor para AQS e calefacción por radiadores.
- Mellora de eficiencia enerxética na iluminación interior.

Estas actuacións permitirán unha mellora significativa, reducindo o consumo de enerxía primaria non renovable en máis dun 72% e diminuíndo as emisións de CO<sub>2</sub> nun 77,3%.

### 4. Finalidade do convenio

O acordo busca:

- Establecer un marco de cooperación entre ambas as institucións.
- Executar as actuacións necesarias para mellorar a eficiencia enerxética do edificio.



- Alcanzar os obxectivos de transición ecolóxica promovidos pola Unión Europea, aumentando a sustentabilidade dos recursos públicos galegos.

## 5. Xustificación legal

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Segundo o artigo 10 da Lei 14/2013, de racionalización do sector público autonómico, as Administracións públicas e os entes do sector público poden formalizar convenios de colaboración para tarefas de interese público compartido. Este instrumento é o máis adecuado para o caso, ao permitir unha xestión coordinada entre o Inega e o Igape, sen ánimo de lucro e con achegas específicas de cada entidade.

## 6. Compromisos de gasto

O acordo de cooperación supón un gasto de 3.998.994,76 €, dos cales son elixibles 1.508.332,66 € que será cofinanciado nun 60% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 :

- **Feder (60%):** 904.999,60 €
- **FCA (40%):** 603.333,06 €
- **Total:** 1.508.332,66 €

## 7. Resultados agardados

- Mellorar a clasificación enerxética do edificio de "C" a "A".
- Redución no consumo de enerxía primaria non renovable e das emisións de CO2.
- Contribución aos obxectivos de desenvolvemento sostible, especialmente no ámbito da transición enerxética.

## 8. Conclusión

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención do exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2017, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A Xerente,

Silvia Cortiñas Fernández

